

GUÍA RÁPIDA DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

EXEMPLAR para o alumnado e as familias

1. Actividades: complementaria e extraescolares

As actividades extraescolares e complementarias que non ocasionen gasto económico ou pequeno gasto por parte das familias son de carácter obrigatorio e, se figuran nas programacións dos departamentos, cualificables. Se supoñen un desembolso importante son voluntarias, pero os alumnos que non asistan ás mesmas terán horario lectivo normal.

2. Aparcamento

Respectade o tránsito de entrada e saída do Centro e as prazas marcadas: en amarelo (pode aparcarse toda a xornada) e vermello (poderase aparcarse a partir das 8:45 ata as 13:40, e na tarde do luns, a partir das 18:15. O resto das tardes, sen limitacións).

3. Aulas, talleres e pistas deportivas

Respectarase a orde e limpeza en cada un destes espazos, así como tamén o silencio. Os cambios de aula ou taller faranse o máis rápido posible, nada máis toque o timbre de cambio de clase.

4. Avaliación e reclamación de notas

As reclamacións faranse de acordo ás normativas vixentes correspondentes a cada nivel educativo. Presentarase solicitude motivada en secretaría no prazo sinalado (dous días) e recollerase a resolución ao terceiro día, asinando o recibo desta. Respectarase as datas anunciadas nos taboleiros.

5. Espazos comúns: biblioteca, cafetería, corredores, ascensor, exteriores etc.

- biblioteca: respectarase o silencio, pois é lugar de lectura e traballo.
- cafetería: só se pode acudir a ela nos recreos, ou con permiso dun profesor/a. Non é comedor escolar, polo tanto os menores non poden quedar no instituto fóra do horario lectivo xa que non hai garda e custodia.
- corredores: son lugares de tránsito, para pasar dunha aula a outra. Evitarase correr e facer ruído.
- ascensor: para usalo hai que solicitalo en xefatura, onde se lle dará unha chave que terá que devolver ao desaparecer a orixe da necesidade.
- exteriores, patios, xardíns, claustro: son espazos de lecer no recreo, respectando as normas de convivencia. O alumnado debe saír ao patio nos recreos, e se chove poderá permanecer no primeiro andar.

6. Representantes do alumnado, pais/nais ou tutores/as legais

Cada grupo elixirá un representante ou delegado/a ao principio de curso. A Xunta de delegados terá un presidente/a. Tamén hai representantes de alumnos, pais/nais ou tutores/as legais no Consello Escolar e na Comisión de Convivencia.

7. Dereitos e deberes, folgas

Están reflectidos na Lei 4/2011 e na LOE, e no Plan de Convivencia do centro. Cada titor/a informará o seu grupo.

Os alumnos de 1º e 2º ESO non teñen recoñecido o dereito á folga.

Respectarase o dereito de reunión do alumnado, para o que se precisa solicitar hora e espazo en xefatura de estudos ou dirección.

8. Condutas e correccións

Están tipificadas na Lei 4/2011 e no decreto 8/2015, e cada titor/a informará ao respecto ao inicio de curso.

Segundo as faltas sexan leves ou graves serán sancionadas mediante procedementos distintos. As graves requiren apertura de expediente disciplinario. As leves poden solicitar mediación.

9. Faltas de asistencia e xustificación

O/a alumno/a que falte á clase deberá avisar á primeira hora da mañá ao Centro, e presentará o seu xustificante de ausencia o primeiro día de incorporación á clase.

Para conseguir a exención de Educación Física deberán traer un xustificante médico.

No caso dos Ciclos e ESA, se se supera un 10% de faltas sen xustificar, perderase o dereito á avaliación continua, tendo que se presentar a unha proba final.

10. Fotocopias

Na conserxería recóllense ou cómpranse as fotocopias que indique o profesorado.

11. Fumar, beber e xogos de azar

Está prohibido fumar dentro do recinto escolar, tanto dentro dos coches aquí situados coma nos edificios ou nos distintos espazos exteriores. O mesmo rexe para as bebidas alcohólicas. Tamén están prohibidos os xogos de azar e de cartas.

Nas aulas respectarase a norma de non beber nin comer, igual ca nos corredores.

12. Horarios escolares, diúrno e nocturno.

ESO, FP Básica e Bacharelato: o horario escolar comeza ás 8.45 h e remata ás 14.30 h de luns a venres polas mañás, e pola tarde de 16.30 h a 18.10 h os luns.

Ciclos Formativos en réxime ordinario comeza ás 8.45 h e remata ás 14.30 h de luns a venres polas mañás, e pola tarde de 16.30 h a 19 h os luns e mércores. No Ciclo Superior de Sistemas de Telecomunicación e Informáticos o horario os luns e mércores é de 15.45 h a 22.20 h, e o resto dos días da semana de 16.10 h a 22.20 h.

ESA e Ciclos Formativos de adultos: de 18.10 h a 22.20 h de luns a venres.

13. Horarios de atención ao público: persoal non docente, profesorado, titores, equipo directivo

-conserxería: horario escolar completo.

-secretaría: de 9.00 a 14.00.

-profesorado e titores: todos teñen unha hora de atención a titores legais que se dará a coñecer ao seu alumnado ao inicio do curso. Tamén figura na páxina web do Centro. Deberase solicitar cita.

-equipo directivo: como todo o profesorado, ten unha hora de atención a titores legais que dará a coñecer ao seu alumnado ao inicio do curso. Tamén figura na páxina web do Centro. Ademais, como equipo directivo recibirá o resto da Comunidade educativa e outras persoas mediante cita previa.

14. Libros de texto e material escolar

Cada ano publicarase a relación de libros de texto que se van empregar no taboleiro e na páxina web.

O alumnado deberá vir á clase con todo o material que precise. A falta de material é motivo de corrección.

15. Permiso para saír do Centro

Os menores de idade non poden saír do Centro sós. É obrigatorio que un titor legal ou persoa maior de idade autorizada (con autorización) veña recollelos a conserxería, comunicándollos a un conserxe e deixando constancia da saída no libro de rexistro alí existente. Saír sen permiso do Centro será motivo de corrección.

16. Portalóns

Por seguridade, os portalóns medio e alto permanecerán pechados. Unicamente permanecerá aberto en horario lectivo o portalón baixo de entrada de vehículos.

17. Publicacións na web

O instituto dispón de páxina web: www.escolasproval.com

Requírese o permiso dos titores legais para o uso de imaxes en caso de menores de idade.

A publicidade de imaxes sen permiso dos afectados será motivo de corrección.

18. Programacións didácticas: mínimos para aprobar

Ao inicio do curso, todo o profesorado, de acordo co seu seminario ou departamento, informará os seus alumnos/as dos obxectivos, contidos, criterios e instrumentos de avaliación que se van aplicar nas probas obxectivas, así como tamén dos mínimos para superar as probas que se van realizar na súa materia.

19. Taquillas

O alumnado dispón de taquillas onde deixar o material escolar, e así liberarse do peso que leva. Como non hai taquillas suficientes, ten prioridade o alumnado da ESO e FP Básica. Cada usuario/a terá candado propio.

20. Teléfonos

Non se poden usar os móbiles en período lectivo. Deberán entregarllos ao profesor/a se así se require, porque en caso contrario será motivo de corrección por desacato á autoridade pública. O teléfono será depositado en Xefatura de estudos.

O Centro dispón de teléfono de uso público, en caso de necesidade, en conserxería. Úsao.